

INFORME DE INTERVENCIÓN

En cumprimento da legalidade vixente, en relación co **Expediente de modificación do orzamento: 04/2022**, que contén un expediente de créditos extraordinarios "EXT.04/22, e outro de suplementos de crédito "SUP. 04/22", emítese o seguinte informe:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigos 177, 179 e 180 do TRLRFL, aprobado por RDL 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigos 34 a 38 e 40 a 42 do R.D. 500/1990, de 20 de abril (RD).
- Artigos 2, 3, 11, 12, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro de 2020 sobre a suspensión das "Regras Fiscais" para os exercicios 2020 e 2021.
- Bases de execución do orzamento.

FUNDAMENTOS XURÍDICO-ECONÓMICOS

O expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como en relación cos recursos que os financian.

Respecto do cumprimento da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, periodicamente infórmase sobre o cumprimento, polo tanto, non procede incorporar ao expediente un informe específico. Non obstante, unha vez ampliada a suspensión das regras fiscais para 2022 por acordo do Pleno do Congreso dos deputados, en sesión de 13 de setembro de 2021, os obxectivos de estabilidade, débeda pública e regra de gastos quedan suspendidos para o vixente exercicio. Dita suspensión non supón o levantamento do réxime orzamentario do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais na súa totalidade, concretamente mantense o principio de equilibrio orzamentario do artigo 165.4, así como as obrigas de transparencia previstas na LOEPSF e demais normas.

A tramitación destes expedientes respecta o equilibrio orzamentario e esixe os trámites seguintes:

- Ditame da Comisión Informativa.
- Acordo Plenario.
- Exposición ó público polo prazo de 15 días hábiles.
- Acordo Plenario de resolución de reclamacións, se fose o caso e, aprobación definitiva.
- Publicación do resumo por capítulos no B.O.P.

É canto considero que teño que informar, non obstante, o Pleno da Corporación resolverá o que estime máis convinte.

Asinado dixitalmente ao marxe.

